

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro da formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, regula os certificados de profesionalidade e establece, como un dos elementos esenciais para incrementar a calidade da formación para o emprego, que en todos e cada un dos módulos formativos que conforman cada certificado de profesionalidade se determinen os criterios de acceso do alumnado, que asegurarían que estes contan coas competencias clave suficientes para cursar con aproveitamento a formación.

Estas competencias clave pódense demostrar ou acreditar, basicamente, estando en posesión de determinadas titulacións ou acreditacións oficiais de formación básica ou superando as probas específicas que demostren o seu dominio.

O Real decreto 1675/2010, do 10 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación, no punto un do artigo primeiro e segundo, modifica os requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade substituíndo o concepto de «competencias clave» por «requisitos formativos e profesionais» e atribuíndolle á Administración laboral competente a determinación de cales serán eses coñecementos formativos ou profesionais suficientes que permitan cursar con aproveitamento a formación ao alumnado que queira acceder á formación dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 2 e 3.

Para establecer e desenvolver na Comunidade Autónoma de Galicia estes requisitos formativos e profesionais aprobouse a Orde 12 de xullo de 2011 (DOG nº 149, do 4 de agosto) pola que se establecen os requisitos formativos e se regulan as probas de avaliación en competencias clave.

A través desta orde, de cara a seguir fomentando a calidade e a integración da formación profesional, mantéñense como requisito de acceso as «competencias clave», como



combinación de coñecementos, capacidades e aptitudes idóneas ao contexto, que lles permitirán ás persoas progresar no mundo do emprego e na formación, e para a súa realización e desenvolvemento profesional e persoal.

Nesta orde establécese tamén que a Dirección Xeral de Formación e Colocación, a través do Instituto Galego das Cualificacións, convocará, polo menos unha vez ao ano, probas de avaliación en competencias clave.

De conformidade co exposto, a través da presente disposición, procede agora convocar un novo proceso de probas de avaliación, para facilitar que as persoas poidan acreditar as competencias clave que se requiren para acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade.

#### Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é convocar probas de avaliación en competencias clave para o acceso ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 2. *Competencias clave que se convocan*

1. Convócanse probas nos dous niveis, 2 e 3 , nas seguintes competencias clave:

- Comunicación en lingua galega.
- Comunicación en lingua castelá.
- Comunicación en lingua estranxeira (inglés).
- Competencia matemática.
- Competencias en ciencia.
- Competencia en tecnoloxía.
- Competencia dixital.



### Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. A participación nestas probas deberá formalizarse presentando unha solicitude segundo o modelo ddo anexo I desta resolución, dirixida ao Instituto Galego das Cualificacións debidamente cuberta.

2. O prazo para presentala é a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG ata o 3 de maio de 2013.

3. O modelo de solicitude estará dispoñible na Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, e tamén na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballoebenestar.xunta.es/>

4. De acordo co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes dela, e unha vez aprobada pola Orde do 15 de setembro de 2011 a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia, os interesados poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico: <https://sede.xunta.es>. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes dela. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos. As mencionadas imaxes electrónicas carecerán de carácter de copia auténtica.

5. Así mesmo, as persoas interesadas poderán presentar as solicitudes de forma presencial por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Preferentemente presentaranse no Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar ou na oficina de Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano.



#### Artigo 4. *Documentación*

As persoas aspirantes deberán acompañar á súa solicitude de inscrición:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade, ou número de identificación de estranxeiro ou do pasaporte. A presentación da fotocopia do DNI ou NIE non será precisa se a persoa solicitante dá o seu consentimento para que se consulten os datos relativos aos citados documentos, hai na solicitude un recadro onde hai que marcalo especificamente, de conformidade co previsto na Orde do 7 de xullo de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, no que respecta á verificación de datos de identidade e residencia.

b) De ser o caso, ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; os aspirantes que soliciten algún tipo de adaptación (ampliación de tempo e medios para a realización da proba), en ambos os casos, non será necesario nin achegar o certificado do grao de discapacidade nin o informe da procedencia das adaptacións solicitadas, se foi recoñecido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de ter recoñecida a discapacidade por outra comunidade autónoma, deberá achegar o certificado de grao de discapacidade e o informe da procedencia das adaptacións solicitadas pola dita comunidade, agás que solicitase o traslado do seu expediente a esta comunidade autónoma.

Na solicitude de inscrición hai que indicar a adaptación que se solicita nos recadros do bloque de persoas aspirantes con discapacidade.

#### Artigo 5. *Relación provisional e definitiva de persoas inscritas admitidas e excluídas*

1. A relación provisional das persoas inscritas nas probas que fosen admitidas e, se é o caso, as excluídas, con indicación das causas de exclusión, será publicada polo Instituto Galego das Cualificacións na páxina web <http://traballoebienestar.xunta.es/> e nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, segundo o establecido no calendario previsto que figura no anexo II desta resolución.

2. As persoas inscritas poderán formular contra esta relación provisional de admitidos e excluídos as oportunas reclamacións, que se dirixirán ao Instituto Galego das Cualifica-



cións no prazo de 4 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos.

3. A relación definitiva de persoas solicitantes admitidas e excluídas será publicada na páxina web <http://traballoebienestar.xunta.es/> e nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, segundo o establecido no calendario previsto que figura no anexo II desta resolución.

4. A publicación tanto das listas provisionais coma das definitivas de admitidos e excluídos ao proceso terán os efectos de comunicación ás persoas solicitantes e reclamantes, de conformidade co disposto no artigo 14 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se establecen os requisitos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional.

5. Contra a relación definitiva de persoas solicitantes admitidas e excluídas poderase interpor recurso de alzada, de conformidade co disposto no artigo 14 da Orde do 12 de xullo de 2011.

#### Artigo 6. *Realización das probas de avaliación en competencias clave*

1. As probas terán lugar no recinto feiral de Silleda, en Silleda (Pontevedra).

2. As probas de avaliación en competencias clave terán lugar nas datas indicadas no calendario da convocatoria que se inclúe no anexo II, que será exposto na páxina web <http://traballoebienestar.xunta.es/> e nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

3. O candidato realizará unha proba por cada unha das competencias clave convocadas en que se inscriba. A duración da proba en cada competencia clave é dunha hora. A realización de cada unha das probas de avaliación seguirá o horario que se indica no anexo II da presente resolución.

4. Para a realización das probas de avaliación nas distintas competencias claves poderanse ditar instrucións específicas na orde de chamada das persoas inscritas nelas; as ditas instrucións serán publicadas na páxina web <http://traballoebienestar.xunta.es/> e nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar como mínimo tres días antes da data da realización das probas. Todos



os candidatos deberán presentarse unha hora antes do inicio das probas para seren chamados por orde alfabética.

5. Para a realización das probas as persoas aspirantes deberán ir provistas do documento nacional de identidade, do número de identificación de estranxeiros ou do pasaporte. Tamén deberán levar bolígrafo de tinta de cor azul ou negra.

Nas probas de competencia matemática, de competencia en ciencia e de competencia en tecnoloxía poderase acudir con calculadora.

6. As persoas participantes nas probas terán cuberto o risco de accidente derivado da asistencia a estas.

7. O exame de cada unha das competencias clave está redactado en galego e castelán, agás os exames de lingua galega, castelá e inglés.

#### Artigo 7. *Comisións de avaliación*

1. A directora xeral de Emprego e Formación, por proposta da directora do Instituto Galego das Cualificacións, nomeará unha comisión de avaliación para as probas de competencia clave de nivel 2, e unha comisión de avaliación para as probas de competencia clave de nivel 3, que terán como sede o Instituto Galego das Cualificacións (Rúa San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela).

2. Á vista do número de persoas aspirantes poderanse ampliar o número de comisións de avaliación. Así mesmo, poderase incorporar ás comisións de avaliación o número de vixilantes e correctores que se consideren necesarios.

3. No caso de nomear correctores/as, estes formarán parte das comisións de avaliación para a realización das probas.

#### Artigo 8. *Resultados da avaliación das probas*

1. Os resultados da avaliación das probas serán accesibles para as persoas que as realizaron nas listaxes provisionais que se poderán consultar na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, segundo o calendario previsto que figura no anexo II desta resolución. Estes resultados provisionais terán efectos de comunicación para todas as persoas participantes.



2. O resultado de apto suporá a superación da proba na correspondente competencia clave e o dereito do interesado a que se lle sexa expedido un documento acreditativo que certificará o resultado obtido segundo establece o artigo 13 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se establecen os requisitos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional.

#### Artigo 9. *Reclamación contra as cualificacións*

1. Contra a cualificación obtida poderá presentarse reclamación por escrito dirixida ao presidente ou presidenta da Comisión, no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións, no Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, no Rexistro Xeral da Xunta de San Caetano (ambos os dous, en Santiago de Compostela), así como por calquera das formas establecidas polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A publicación das listas definitivas de cualificacións terán efectos de comunicación ás persoas reclamantes, de conformidade co disposto no artigo 14 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se establecen os requisitos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional.

3. Contra a cualificación definitiva poderase interpor recurso de alzada, de conformidade co disposto no artigo 14 da Orde do 12 de xullo de 2011.

#### Disposición derradeira primeira

Autorízase a directora do Instituto Galego das Cualificacións para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta resolución.

#### Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2013

Ana María Díaz López  
Directora xeral de Emprego e Formación





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>INSCRIPCIÓN NAS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR306A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF/NIE/PASAPORTE

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO FIXO  TELÉFONO MÓBIL  ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATA DE NACEMENTO  IDADE  SEXO  
 HOME  MULLER

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO  FAX  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**NIVEL EDUCATIVO**

NIVEL MÁXIMO DE ESTUDOS FINALIZADOS CON TITULACIÓN

SE AGORA ESTÁ ESTUDANDO, INDIQUE QUE ESTUDOS REALIZA

**COMPETENCIAS CLAVE NAS QUE SOLICITA FACER PROBA** (marque cun X o recadro ou recadros correspondentes):

<b>NIVEL 2</b>	<b>NIVEL 3</b>
<input type="checkbox"/> Comunicación en lingua galega	<input type="checkbox"/> Comunicación en lingua galega
<input type="checkbox"/> Comunicación en lingua castelá	<input type="checkbox"/> Comunicación en lingua castelá
<input type="checkbox"/> Competencia matemática	<input type="checkbox"/> Competencia matemática
<input type="checkbox"/> Comunicación en lingua estranxeira	<input type="checkbox"/> Comunicación en lingua estranxeira
<input type="checkbox"/> Competencia en ciencia	<input type="checkbox"/> Competencia en ciencia
<input type="checkbox"/> Competencia en tecnoloxía	<input type="checkbox"/> Competencia en tecnoloxía
<input type="checkbox"/> Competencia dixital	<input type="checkbox"/> Competencia dixital

**PARA AS PERSOAS ASPIRANTES CON ALGUNHA DISCAPACIDADE QUE SOLICITEN ALGÚN TIPO DE ADAPTACIÓN**

Discapacidade

PORCENTAXE % CERTIFICADO ACREDITATIVO DE DISCAPACIDADE   SI  NON

TIPO DE ADAPTACIÓN QUE SOLICITA

Ampliación do tempo

Ampliación da letra

Instrucións por escrito

Intérprete de signos

Outra adaptación (especificar)

CVE-DOG: 1czseu98-qhh9-pmw9-ovy3-qawbkg1vqv6



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.


#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional aprobados ao abeiro do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.  
- Resolución do 10 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro da formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



Instituto Galego das Cualificacións.

CVE-DOG: 1czseu98-qhh9-pmw9-ovy3-qqwbbkg1vqv6



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO II  
**Calendario do procedemento**

	Datas
Prazo de presentación de solicitudes	Desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i> ata o 3 de maio
Publicación da lista provisional de admitidos	30 de maio
Presentación de alegacións	Ata o 4 de xuño
Publicación da lista definitiva de admitidos	14 de xuño
Realización das probas: Competencias clave de nivel 2 Competencias clave de nivel 3	22 de xuño 23 de xuño
Publicación dos resultados provisionais das probas	9 de xullo
Presentación de reclamacións	Ata o 12 de xullo
Publicación dos resultados definitivos das probas	24 de xullo

Horarios das probas:

– Todos os candidatos deberán presentarse unha hora antes do inicio de todas as probas para seren chamados por orde alfabética.

– A distribución das portas de entrada dependerán do número de competencias clave en que fosen admitidos.

– As listaxes de acceso para cada porta estarán dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar e nos paneis informativos situados para tal efecto no recinto feiral de Silleda.

– Todas as probas se iniciarán ao mesmo tempo nun único chamamento.

Competencia clave	Día		Horarios
	Nivel 2 22 de xuño	Nivel 23 de xuño	
Matemáticas	Sesión de mañá		Inicio de todas as probas ás 10.00
Lingua castelá			
Lingua galega			
Lingua estranxeira (inglés)			
Ciencia	Sesión de tarde		Inicio de todas as probas ás 16.30
Tecnoloxía			
Dixital			

